

Os incestos da tinta

Artigo de opinión publicado na revista **Tempos Novos**, abril 2009

O tacto e o cheiro.

Quizais tamén a comodidade de lectura, pero o tacto e o cheiro.

En comodidade de lectura a tecnoloxía pode dar saltos de xigante, se cadra tamén en tacto e cheiro. Sen embargo eses atributos son inseparables dese dispositivo que entendemos por *libro*. Un libro é, ante todo, un dispositivo, un *obxecto*. Un obxecto en ocasións luxoso, satinado, sulinado, maldito, un fetiche co que mazamos o lombo nas viaxes ou nas mudanzas. Os libros cheiran. Hainos que arrecenden a química de imprenta. E os libros tócanse. Nese sentido, poden chegar a ser metonimias dos seus posuidores. Se nas nosas relacións adoita haber libros polo medio, unha vez volatilizadas as persoas do horizonte do noso leito, hainas que deixan un libro tras de si, enigmático, talvez de peto, non ten nin por que ser bo. Como sinal. Como prenda. Cun halo ao seu redor. Levitando.

Pasar as páxinas deses libros aseméllase entón a pensar coa cabeza desas criaturas que deixamos ou nos deixaron, a preguntarnos por que lía iso ou seica a comprender. Hai páxinas manchadas de framboesa, dedos, seme, suor, balor. Cousas esmagadas entre páxina e páxina, libros que nos fixeron compañía como gatos, fillos ou mantas de la. Un libro pode ser moitas cousas que, polo de agora, un soporte dixital non: pode ser roubado, cheirar a vello e pode vivir moitos anos sen se perder sen que ninguén o abra nunca.

Un libro é un obxecto, si. Mais tamén un órgano. Hai latencia nel.

[...]

Diríxense a min para que dea a miña opinión sobre o futuro do libro. O libro *versus* internet; o libro... ameazado polos e-books? Así se formula o asunto: en termos puxilísticos ou de *ameaza*. Ao meu xuízo, nada máis lonxe. Estou convencida de que tanto as edicións dixitais como os novos formatos de lectura [Kindle, Reader, iLiad] non ameazan o futuro do libro, antes ao contrario. Tampouco aventurarei que o garantan, pero si que dalgún modo reconduceno, redimensionano. Un libro non deixa de ser un soporte de palabras. Houbo un momento na historia da humanidade no que a palabra falada deuse de bruces coa escrita, e a escrita deuse de bruces primeiro coa pedra, coa arxila e logo co papel e a imprenta e a Olivetti. Todos eses encontronazos ampliaron o campo de batalla da literatura. *Redimensionárono*. Hoxendía, debates como o do futuro do libro, e conceptos como autor, plaxio, intertexto ou hipertexto acaban de ser detonados novamente pola maquinaria dixital, fican aínda flotando no aire a cámara lenta, como estelas dunha porta que vén de ser disparada. Chamei ao libro *dispositivo*. Fíxeno no sentido de soporte, vehículo *interestelar* de palabras. A relación oral é distinta á relación escrita, sabémolo todos. A nosa sintaxe co mundo varía substancialmente se o facemos a través da pel ou do papel. Alguén se preguntou, cando a escrita comezou a se propagar como pólvora, se o futuro da fala veríase comprometido?

[...]

Vexo claro que os dispositivos dixitais [xa para sempre enlazados a internet, aínda que

naturalmente non son o mesmo] funcionan *tamén* a xeito de vehículo de palabras. Se antes as nosas relacións persoais eran postas en escea teatrais, hoxendía as relacións a través de internet esixen mínimos rudimentos literarios. En internet ou nun blog ti es as palabras que empregas e como o fas, igual que dentro dun libro. A diferenza é a perdurabilidade, a exhibición, a consideración social e cousas así. Nunca se escribiu nin se leu tanto ao mesmo tempo. Levar un blog ou publicar na rede evidencian, si, unha relación distinta coa literatura. Os libros seguen sendo órganos, seguen cheirando e apalpando as nosas mans; pero o entorno dixital obríganos a repensar o contido deses libros, obríganos a reescribilos, linkalos, desfragmentalos. Coido que a osmose é tan clara que non se pode asegurar xa que un formato se atope por riba do outro.

Agás en tacto. Agás en cheiro.

Estíbaliz...Espinosa